

Ando sobre as pegadas dunha melodía
Recito os últimos versos inefables
Tirito coas imaxes que percorren os meus ollos
Enlazo os vestixios dos pensamentos que quedan no papel

Arrimo os últimos fotogramas ao porto da beleza
Restauro as últimas notas da canción que constitúe a miña vida
Tño unha recopilación inmensa das túas palabras
Estiro a memoria dos teus beizos ata escachar
o meu corazón

Asfixio no pensamento de que esta emoción
pode rematar
Rabuño os últimos anacos de son que quedan
nos meus sentidos
Torno a eternidade dunha vibración converténdose en efémera no meu corazón
Eternifico os últimos instantes de ledicia

Abrazo isto que me dá vida
Retorno indefinidamente a este fogar inmóvil
Tenso os músculos nun intento de captar todas as sensacións que chegan como impulsos
Engado as últimas notas ao silencio
onde escoito as palabras que quedaron por dicir